

Emilia Pardo Bazán

*De nena lectora
a escritora universal*

Unidade didáctica
4º, 5º e 6º Educación Primaria
Profesorado

Patricia Angulo Miró



Esta unidade didáctica foi elaborada dentro do programa **Sinalarium** financiado integramente pola Deputación da Coruña.

Edita:
Real Academia Galega

DOI: <http://doi.org/10.32766/rag.374>

© Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, 2020

© Patricia Angulo Miró, 2020

Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

Rúa Tabernas 11

15001 - A Coruña

Tlf. 981 20 73 08

casamuseoepb@academia.gal



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



**Deputación
DA CORUÑA**

Sinalarium é un proxecto financiado pola Deputación da Coruña no que traballa a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán para desenvolver actividades e recursos que potencien a difusión da vida e a obra da escritora coruñesa. A través do programa *Sinalarium* propoñémonos visibilizar a súa figura, achegala aos máis novos e poñer en valor as mulleres como pezas fundamentais na configuración da sociedade galega, de xeito que se recoñeza o seu papel social, artístico e cultural.

A programación xira arredor da biografía da escritora coruñesa: unha escritora cuxa maneira de vivir e de pensar está máis preto do noso século que do século XIX en que ela naceu.

Coa finalidade de divulgar a súa vida, descubri-la e coñecela, dirixímonos a vós, ao profesorado e ao alumnado de educación primaria, para ofrecervos un chisco de Emilia que vos axude a traballar a figura da escritora nas aulas. Estas actividades, pensadas para realizar no interior da escola, poden ser o paso previo á visita da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Achegan unha visión íntima da escritora, porque sen coñecer a vida é difícil coñecer a súa obra.

Como muller chegou a ocupar postos de responsabilidade nunha época en que estaban vetados para o sexo feminino: presidenta da Sección de Literatura do Ateneo madrileño, conselleira do Ministerio de Instrución Pública, catedrática da Universidade Central de Madrid, presidenta honoraria da Real Academia Galega... Foi unha loitadora decidida e firme.

Como escritora, foi curiosa e independente. A súa familia animouna desde nena a aprender e a coñecer. Mergullouse na literatura desde os primeiros anos da súa vida até convertela na súa profesión, nun soño cumprido. Chegou a publicar máis de 600 contos, 2 000 artigos de prensa, 37 novelas, conferencias, ensaios, traducións... A súa bibliografía é inmensa.

Esta é Emilia Pardo Bazán: muller, escritora, loitadora, activa, independente, curiosa, intelectual...

A programación, orientativa e extrapolable a outras materias, basease en actividades que procuren a pescuda e o interese, o xogo e o coñecemento, que leven ao razoamento e ao entendemento dos temas que se tratan. A maioría das propostas pode ser utilizada nos cursos de educación primaria recomendados, agora ben, pode o profesorado adaptalas ao seu alumnado, sempre buscando o maior aproveitamento.

Obxectivos

- ~ Acercar a figura da escritora aos escolares para un primeiro contacto.
- ~ Amosar mediante a biografía da escritora os aspectos máis relevantes da súa vida persoal e literaria.
- ~ Utilizar as súas propias palabras para dar a coñecer o contido da súa vida e obra.
- ~ Investigar sobre a obra literaria: novelas, artigos ou contos.
- ~ Desenvolver a sensibilidade e a actitude crítica, valorando o diálogo como instrumento para comprender as vidas alleas noutros contextos sociais e históricos.

9-11 anos (4º, 5º e 6º de educación primaria)

Búscase o achegamento ao carácter e á personalidade dunha muller loitadora e traballadora que conseguiu instalarse nos primeiros lugares da elite española.

A biografía da escritora convértese no fío condutor que leva os escolares ao seu coñecemento. Cada fito biográfico acompañarase dunha actividade que facilite a súa comprensión. A programación pode ir acompañada da visita á Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, onde os escolares coñecerán en primeira persoa a vivenda da escritora, favorecendo un diálogo entre as aulas e o museo.



Proposta de programación para escolares de 9 a 11 años

Caderno para o profesorado

Emilia Pardo Bazán

De nena lectora a escritora universal

Emilia Pardo Bazán naceu na Coruña o 16 de setembro de 1851. Desde pequena gustábanlle moito os libros, sentía unha curiosidade pola lectura que non ía abandonar durante toda a súa vida e que a levou a se converter nunha grande da intelectualidade.

Actividade 1

Ser ou no ser

Sabes que é un ou unha intelectual?

Intenta encontrar a definición correcta. Se o precisas, utiliza un dicionario.

- Persoa que realiza actividades que esixen un grande uso da intelixencia, ou que ten gusto por esas actividades, dedicada, preferentemente, ao cultivo das ciencias ou das letras.
- Persoa que escribe obras científicas ou, sobre todo, literarias.
- Persoa que ten habilidade ou maña para realizar ou lograr algo. Persoa dotada da capacidade e habilidades necesarias para algunha das belas artes.

A definición correcta é a letra a. A opción b é a definición de escritora e a c a de artista.

Despois de visitar a Casa-museo

Pescuda

A quen chamamos hoxe en día intelectual? Coñeces algún/algunha?

Por que pensas que é un/unha intelectual?



A súa infancia transcorre entre libros e viaxes que enchen a súa mente de coñecementos e inquiredanzas. Convértese nunha gran lectora que acaba por ler todo o que chega ás súas mans.

Era yo de esos niños que leen cuanto cae por banda, hasta los cucuruchos de especias y los papeles de rosquillas; de esos niños que se pasan el día quietecitos en un rincón cuando se les da un libro, y a veces tienen ojeras y bizcan levemente a causa del esfuerzo impuesto a un nervio óptico endeble todavía. *Apuntes autobiográficos* (1887).

Actividade 2

Abre os ollos!

Non só é importante ler; é máis importante saber o que se le. Así que che propoñemos que trates de ler amodo para identificar, polo menos, un dos títulos dos libros favoritos de Emilia cando era nova.

LA TRIBUNA MEMORIAS DUN SOLTEIRÓN
O QUIXOTE DRÁCULA ALICIA NO PAIS DAS
MARABILLAS HARRY POTTER A ILIADA

O Quixote e A Iliada son dous dos libros favoritos da Emilia moza.


Despois de visitar a Casa-museo

Pescuda

- Quen é o Quixote? Buscade algún capítulo da novela *O Quixote* e explicádeo na clase.
- Quen viaxa na *Iliada*? Podedes contar unha das aventuras dos personaxes?
- Cal é o voso libro favorito? Podedes falar un pouco del?

Preparade unha pequena nota informativa sobre o voso libro favorito e compartídea cos vosos compañeiros de clase. Podedes incluír o título, o autor ou autora, unha pequena sinopse, a cuberta, unha valoración persoal...

Se a facedes en papel, podería formar parte dunha exposición con recomendacións de libros de lectura.



Gústalle pasear polas rúas da súa cidade, ir aos Cantóns e ver as estatuas que adornan o paseo ou á biblioteca escoller libros para levar á casa. Vai visitar as amizades dos seus pais, ou talvez ao circo que de cando en vez se instala na cidade; unha cidade á que lle mudará o nome nalgunha das súas novelas.

Actividade 3

O nome secreto

Ás veces os escritores nas súas obras inventan cidades. Outras veces agochan cidades reais baixo nomes imaxinarios. Para manter o segredo da cidade da que falaba nos seus relatos, Emilia crea un nome literario para A Coruña.

Tedes que escribir cada palabra da lista no recadro seguindo a orde dos números. Unha vez cubertos todos os cadros, poderedes ler na columna coloreada o nome literario da cidade da Coruña.

- | | |
|---------------|---------------|
| 1. Auriabella | 5. Vilamorta |
| 2. Estela | 6. Portodor |
| 3. Areal | 7. Aguasantas |
| 4. Cebre | 8. Alborada |

		5.																	
	8.																		
					3.														
			1.																
	7.																		
					4.														
	6.																		
	2.																		

Solución:

		1.	V	I	L	A	M	O	R	T	A								
	2.	A	L	B	O	R	A	D	A										
				3.	A	R	E	A	L										
			4.	A	U	R	I	A	B	E	L	L	A						
	5.	A	G	U	A	S	A	N	T	A	S								
					6.	C	E	B	R	E									
	7.	P	O	R	T	O	D	O	R										
	8.	E	S	T	E	L	A												

Despois de visitar a Casa-museo

Pescuda

- ~ Todos os nomes cos que enchestes o cadro anterior foron inventados pola escritora? Unha vez que coñezades o nome da Coruña na literatura de Emilia Pardo Bazán, poderíades indagar a que lugares pertencen os outros nomes na súa obra?
- ~ No museo vistes un mapa da cidade da Coruña cos nomes literarios das rúas. Intentade lembrar algún deses nomes. Con que rúa actual se corresponde?
- ~ Inventade un nome para a vosa rúa ou para o colexio. Cal é a motivación dese voso nome? Con que rúa actual se corresponde?



Aos seis anos vai vivir a Madrid, onde estudará nun colexio francés. Será o primeiro idioma estranxeiro que coñeza, mais non o único; ao longo da súa vida interesouse por diferentes idiomas que lle serviron para ler autores clásicos na súa lingua orixinal.

En Madrid, donde pasábamos los inviernos, me educaban en cierto colegio francés, muy protegido de la Real Casa, y flor y nata a la sazón de los colegios elegantes [...] Eso sí: como nos prohibían hablar español, salimos de allí hechas unos loritos, parlando francés a des-tajo. *Apuntes autobiográficos* (1887).

A súa educación complementouse con outros saberes concibidos para unha nena do seu tempo: música, costura, protocolo e bos modos eran coñecementos que non esquecería.

Actividade 4

Decálogo do saber e da educación

A educación non é só ir ao colexio e aprender coñecementos, tamén ten moitísima relación coa maneira de comportarse ante os demais. Na época en que viviu Emilia tiña tanta importancia saber comportarse como ter coñecementos. Velaquí tedes un decálogo de boas maneiras. O voso traballo será facer outro; é dicir, establecer as 10 normas que deben rexer a vosa educación e o voso comportamento de cara aos demais.

- | | |
|-----------------------------------|----------|
| 1. SAUDAR | 1. |
| 2. TRATAR CON RESPECTO OS MAIORES | 2. |
| 3. SABER CONVERSAR | 3. |
| 4. SER AGRADECIDO | 4. |
| 5. COMPORTARSE | 5. |
| 6. DICIR POR FAVOR | 6. |
| 7. NON RIRSE DOS DEMAIS | 7. |
| 8. PEDIR PERDÓN | 8. |
| 9. AXUDAR | 9. |
| 10. CHAMAR ÁS PORTAS PECHADAS | 10. |

Despois de visitar a Casa-museo

Pescuda

- ~ Para que credes que serven as normas de educación? Como faríades para saudar un amigo teu na rúa? E para saudar uns amigos dos teus pais?
- ~ Os ríxidos costumes e o protocolo dispoñían que roupa debían levar en cada actividade: no paseo, no baile, nas visitas de cortesía... En Internet podes atopar revistas de moda do século XIX que recollen imaxes de como vestían as nenas no século XIX. Que pezas de roupa usaban? Cantas eran? Vestían de modo diferente os nenos e as nenas? Consideras que é roupa cómoda para ir á escola? Por que?



De regreso a Marinada, os seus pais consideran que debe continuar a súa educación, polo que os profesores acoden á casa da rúa Tabernas. Ten as súas disciplinas favoritas, entre elas, as relacionadas coa lectura.

Más partido saqué del caudal custodiado por las puertas de hierro, que de las lecciones que algunos profesores me daban en casa. Contra la de piano me rebelé en secreto, pareciéndome cosa inepta tanto moler con las escalas, arriba y abajo y vuelta y dale, y luego salimos con que todo es ejercitar los dedos. Pedí encarecidamente que me enseñasen latín en vez del piano. *Apuntes autobiográficos* (1887).

Con trece anos escribe a súa primeira novela, que leva por título *Aficiones peligrosas*; unha novela na que Emilia xa escribe sobre o dereito das mulleres á educación e sobre os perigos das malas lecturas, isto é, das afeccións perigosas. É o inicio da súa impresionante obra! Ás súas mans comezan a chegar novas obras literarias de gran valor. Seu pai facilítalle moitas das súas lecturas, outras terá que lelas ás agachadas.

Cierto día hallábame yo en casa de una de las pocas amigas de mi edad que tuve. Por casualidad nos quedamos solas en el despacho de su padre, y atrajeron mis ojos las estanterías llenas de libros. Di un chillido de alegría: lo primero que había leído en el lomo de un grueso volumen, era el rótulo *-Nuestra Señora de París-*. No hubo lucha entre el deber y la pasión: ésta triunfó sin pelear. *Apuntes autobiográficos* (1887).

Actividade 5

Notre-Dame en París

No París do século XV, a xitana Esmeralda, que adiviña o porvir, é acusada inxustamente do asasinato do seu amado e condenada a morrer no patíbulo. Agradecido polo apoio que noutro tempo recibiu dela, o campaneiro da catedral de *Notre-Dame*, de enorme forza e cuxa fealdade agocha un corazón sensible, salva a Esmeralda e permítelle vivir na catedral...

Esta é unha das primeiras novelas que Emilia puido ler. Moitos son os personaxes que aparecen nesta obra. Seredes quen de atopar os seus nomes neste rebumbio de letras? Ademais dos personaxes da novela, tamén encontraredes o nome do seu autor: un escritor francés que, anos despois de ler a súa obra, Emilia tivo ocasión de coñecer en París.

SEDMRAAEL

RDOOF

SIUDMOOAO

EBOF

VIOTCR UHGO

Solución: Frodo, Esmeralda, Quasimodo, Víctor Hugo, Febo

Despois de visitar a Casa-museo

Pescuda

- ~ Que significa *Notre-Dame*? En que idioma está escrito?
- ~ As catedrais foron espazos moi importantes, lugares de culto e tamén de reunión dos habitantes das cidades e das vilas. Temos arredor de 88 catedrais en todo o país, cinco delas en Galicia. Cales son os cinco lugares galegos que teñen catedral?
Investigade en grupos acerca das catedrais galegas e facede unha pequena exposición na clase.



A súa paixón pola literatura estancouse en 1868, ano en que casou con José Quiroga. Despois da voda, dedicaron varios anos a viaxar por algúns países de Europa. En canto volveron a Marineda, Emilia retomou os seus escritos. Comeza a ser cada vez máis coñecida debido ás súas publicacións en xornais e revistas galegas. Tamén escribe un ensaio sobre a obra do Padre Feijoo, un dos homes galegos de ideas ilustradas máis importantes da nosa historia.

Tivo tres fillos, o que non lle impediu escribir e estudar, combinando ambas as tarefas. Libros e máis libros, e, sobre todo, desexo de coñecer, de pescudar, de saber. A súa curiosidade non tiña límites.

Hoy comprendo cuánto debo a la curiosidad aquella que me movió a revolver documentos. Merced a ella cobré afición a la lectura seguida, metódica y reflexiva. Mi cerebro se desarrolló, mis facultades intelectuales se pusieron en actividad y adquirí el lastre que necesita todo artista para no flotar sin rumbo como un tapón de corcho en el mar. *Apuntes autobiográficos* (1887).

Actividade 6

As musas da inspiración

Segundo a mitoloxía grega, as musas son as deusas inspiradoras das artes. Eran fillas de Zeus, deus do Olimpo, e de Mnemósine, deusa da memoria. O poder que se lles atribuía era a inspiración de e as artistas na creación da súa obra. Emilia adoraba as musas; de feito, na súa casa de Meirás mandou construír un balcón suxeito polas nove musas da inspiración. E na súa Casa-Museo encóntranse tres pezas onde están representadas. Para coñecelas, deberedes atopar a correspondencia entre o seu nome, na primeira columna, e a súa descrición, na segunda.

Nome da musa	Calidade
Calíope	Inspiradora da poesía amorosa
Clío	Inspiradora da danza; algunhas lendas din que é a nai das sereas
Erato	Inspiradora da astronomía e a astroloxía
Euterpé	Inspiradora da poesía épica, da retórica e da escritura
Melpómene	Inspiradora da poesía sacra e a xeometría
Polimnia	Inspiradora da historia, a que inspira a contar como ocorreron os feitos
Talía	Inspiradora da música
Terpsícore	Inspiradora da comedia
Urania	Inspiradora da traxedia

Solución:

Calíope: inspiradora da poesía épica, da retórica e da escritura

Clío: inspiradora da historia, a que inspira a contar como ocorreron os feitos

Erato: inspiradora da poesía amorosa

Euterpé: inspiradora da música

Melpómene: inspiradora da traxedia

Polimnia: inspiradora da poesía sacra e a xeometría

Talía: inspiradora da comedia

Terpsícore: inspiradora da danza. Algunhas lendas din que é a nai das sereas

Urania: inspiradora da astronomía e a astroloxía

Despois de visitar a Casa-museo

Pescuda

- ~ Que é o Olimpo?
- ~ Busca na biblioteca do teu centro ou na biblioteca pública algún libro de mitoloxía e explica na aula o que coñeciches.
- ~ Existe na túa cidade algunha estatua que represente algún personaxe mitolóxico? Podedes facer unha fotografía e falar del.



Descubre e estuda o estilo literario característico de Francia, o *naturalismo*, a través das obras do escritor Émile Zola. O naturalismo pretendía representar a realidade cunha obxectividade documental, mediante a observación e a análise das persoas e das situacións. Emilia escribe unha novela onde as protagonistas son as mulleres traballadoras da fábrica de tabacos da súa cidade. *La Tribuna* será unha das primeiras novelas que empreguen este estilo literario en España. Nela, ademais, aparece por primeira vez o nome de Marineda.

Quien pasee la carretera de mi pueblo natal al caer la tarde, encontrará a docenas grupos de operarias de la Fábrica de cigarros, que salen del trabajo. Discurría yo al verlas: — ¿Habrà alguna novela bajo esos trajes de percal y esos raídos mantones? — Sí, me respondía el instinto: donde hay cuatro mil mujeres, hay cuatro mil novelas de seguro: el caso es buscarlas. *Apuntes autobiográficos* (1887).

Actividade 7

A cidade transfórmase

Velaquí tedes algunhas imaxes da cidade da Coruña na época de Emilia. Son do ano 1900 aproximadamente. A cidade era moi diferente da que coñecemos hoxe en día: máis pequena e con moitísimas menos persoas vivindo nela.

Indagade a que lugar da cidade corresponde cada unha destas imaxes.





Solución:

Rúa Juana de Vega, Castelo de San Antón, praza dos Cantóns e rúa Nova, praia de Riazor, Teatro Rosalía de Castro, Torre de Hércules, A Mariña / Hotel Atlantic, Fábrica de Tabacos

Despois de visitar a Casa-museo

Pescuda

- ~ Indaga sobre como era a cidade no século XIX. Cantos habitantes tiña?
Onde remataba a cidade?
- ~ Podedes facer unha exposición ou unha mostra de traballos con fotografías da época e frases dos textos de Emilia Pardo Bazán sobre a cidade.

La *Tribuna* é o inicio dunha sucesión case infinita de escritos, aínda que a súa novela máis coñecida é *Los Pazos de Ulloa*, grazas á que conseguiu un recoñecemento unánime dos intelectuais. Anos despois da publicación desta novela, marcha vivir definitivamente a Madrid coa súa familia. Na capital pasará os invernos e as primaveras, mentres que nos veráns e nos outonos volverá a Galicia, ás súas Torres de Meirás..

A mí me ha tocado en suerte el país gallego, digno del mejor pincel por su romántica hermosura, sus variados aspectos, sus tradiciones y costumbres pintorescas, sus razas antiquísimas. *Apuntes autobiográficos* (1887).

Na súa nova vida madrileña, Emilia concéntrase en coñecer os intelectuais da época, escribir novos textos literarios e conseguir un recoñecemento e uns dereitos para as mulleres que daquela non existían. O primeiro deles foi a súa admisión como socia do Ateneo de Madrid, a institución máis importante do país naquel momento.

Si una mujer podía enseñar en el Ateneo, suponía yo que con mayor razón podría figurar entre los socios que abonan su cuota mensual. *Diario de la Marina* (A Habana, 19/VII/1910).

Emilia foi tan boa escritora como calquera escritor da súa época, ás veces incluso mellor e, sen lugar a dúbidas, ten unha inxente bibliografía: 36 novelas, 18 novelas curtas, 8 libros de viaxes, 7 obras de teatro, 600 contos e máis de 2 000 artigos de prensa. Aínda hoxe en día seguen aparecendo textos dela descoñecidos que seguen poñendo de manifesto a súa capacidade de escribir e as súas múltiples e variadas maneiras de facelo.

Una vez que he hablado de la mayor parte de mis escritos, de algunos sin publicar todavía, y hasta de los proyectados, no quiero omitir que este año me he metido a lo que nunca pensé: a traductora, y traductora del francés, que es oficio bastante humilde. *Apuntes autobiográficos* (1887).

Actividade 8

Fala que fala

A realidade é que Emilia, desde moi nova, se sentía atraída polos idiomas. Sabía que era importante coñecer a orixe das palabras para entender os escritos dos autores máis antigos, por iso preferiu coñecer o latín e dar clases de alemán e de grego, mais tamén lle gustaba ler en francés e en galego, como demostran os libros da súa biblioteca. Nela atopamos títulos en inglés, italiano, portugués e mesmo en xaponés! Toda unha muller políglota!

O seguinte cadro contén palabras en distintos idiomas. Debedes intentar separalas para logo agrupalas segundo o idioma en que están escritas.



Solución

GALEGO	ALEMÁN	INGLÉS	FRANCES	ITALIANO
Laranxa	Orange	Orange	Orange	Arancione
Branco	weiß	White	Blanc	Bianco
Azul	Blau	Blue	Bleu	Blu
Amarelo	Gelp	Yellow	Jaune	Giallo
Violeta	Violett	Violet	Violette	Viola
Prata	Silberfarben	Silver	Grise	Argento
Vermello	Rot	Red	Rouge	Rosso
Verde	Grün	Green	Vert	Verde
Negro	Schwarz	Black	Noir	Nero

Despois de visitar a Casa-museo

Pescuda

- ~ Que semellanzas e diferenzas atopades nas palabras? Sabedes de onde proveñen? Todas veñen da mesma lingua nai?
- ~ Cales son os idiomas máis falados no mundo?
- ~ A lingua galega pertence ás linguas románicas e é o resultado da evolución do latín introducido polos romanos no noroeste da Península Ibérica. Facede unha pescuda sobre o uso do idioma galego na historia e na actualidade. Algunhas das páxinas onde podedes atopar información son:

academia.gal

lingua.gal

Con toda a información que recollades podedes elaborar un xornal con noticias acerca do noso idioma.



Debuxo: Alba Osorio

Novelas, artigos de periódico, contos, poemas, ensaios, crítica literaria, traducións... ata case completar todos os xéneros da narrativa. O seu traballo foi a súa vida. Ademais de ler continuamente e escribir, deu conferencias e organizou e participou en cursos de literatura . Os recoñecementos chegaranlle co paso do tempo. En 1910 nomeárona conselleira do Ministerio de Instrución Pública, un cargo no que ela defendeu a educación para as mulleres e a súa inclusión en postos de traballo semellantes aos dos homes.

La mujer puede escribir una obra de metafísica, pero no puede ser veterinaria. La mujer puede ocupar el trono, pero no puede elegir concejales. La educación completa y universal es un derecho universal humano y a nadie se le puede negar. *La educación del hombre y de la mujer. Semejanzas y diferencias. Congreso pedagógico [conferencia]. 1892.*

Actividade 9

Mulleres na historia

Emilia non foi a única muller que conseguiu acadar protagonismo na súa época. Antes e despois dela moitas outras mulleres deixaron a súa pegada na historia, mais non sempre foron recoñecidas. Agora chega o momento de coñecelas. Escollede algunha muller que destaque polo seu compromiso e o seu traballo e preparade unha pequena investigación. Podedes facelo na vosa casa coa axuda da familia. Cada unha das vosas pequenas achegas escolares converterase nunha peza para unha grande exposición.

Amosade a vosa creatividade utilizando técnicas como os lapbooks, libros de cartolina ou cadernos despregables onde presentar a información de maneira orixinal. Os traballos teñen que recoller os seguintes datos:

- ~ Nome
- ~ Data de nacemento e morte
- ~ Lugar de orixe
- ~ Profesión
- ~ Afeccións
- ~ Resumo da súa vida
- ~ Curiosidades sobre a súa persoa
- ~ Outros datos relevantes

Despois de visitar a Casa-museo

Pescuda

- ~ Descubre algo máis acerca de cando as mulleres puideron acceder á universidade.
- ~ Investigade sobre as primeiras mulleres que acudiron á universidade. Buscade o seu nome, onde se matricularon, que estudaron... e con toda a información podedes gravar un podcast.

Este cargo foi un dos primeiros recoñecementos que recibiu como escritora e como muller que logra as súas aspiracións; foi o premio ao seu traballo e ás súas capacidades. Un dos momentos máis importantes da súa vida chega cando a nomean catedrática de Linguas Neolatinas na Universidade Central, hoxe Universidade Complutense de Madrid.

Aínda que intentou, ata en tres ocasións, entrar na Real Academia Española, nunca o conseguiu pois as mulleres non podían formar parte desa institución. Mais si que a nomearon presidenta de honra da Real Academia Galega.

O seu esforzo e os seus méritos serviron para conseguir numerosos recoñecementos e un lugar propio na historia das letras. Moitos souberon recoñecer a súa valía no ámbito da literatura e da igualdade.

Donde pude sentar un precedente favorable no dejé escapar la ocasión. Abrí a la mujer bastantes puertas, y ahora las de la Universidad... *Emilia Pardo Bazán. La obra periodística completa en La Nación de Buenos Aires (1879-1921) (III/1916).*

Con 69 anos continuaba escribindo e amosando as inxedanzas que a acompañaron ao longo da súa vida. O 12 de maio de 1921 pousou a súa pluma para sempre, deixando un espazo baleiro e un mundo por coñecer da man desta grande escritora.

Yo, cuando llegue el momento de colgar las armas y desceñir el arnés, cuando tenga que retirarme a la sombra de los árboles o a sombra más oscura aún, no podré decir que no he recogido el fruto abundante y sazonado. “La vida contemporánea”, *La Ilustración Artística* 24/VI/1901.

Actividade 10

Emilia Pardo Bazán no abecedario

Agora que xa coñeces algo máis da vida da nosa escritora, propoñémosvos unha actividade para toda a clase. Seredes quen de idear un pasapalabra sobre a súa vida?

Escollede as palabras que identifiquen a escritora e a súa obra. Cada unha destas palabras debe comezar por unha letra diferente do alfabeto. Unha vez seleccionadas, tedes que buscar as definicións no dicionario. Organizádevos en grupos para elaborar, polo menos, dous xogos diferentes para competir entre vós.

Nós poñemos as primeiras letras... e vós continuades.

A: Utensilio para dar aire que pode estar feito de tea ou papel. Emilia colleccionábaos.

Abanos.

B: Conxunto ordenado dun número elevado de libros particulares ou destinados á lectura do público. Emilia tiña na súa preto de 14.000 libros. *Biblioteca.*

C:



Despois de visitar a Casa-museo

Pescuda

~ Podedes investigar máis sobre a vida de Emilia Pardo Bazán, intentando achegarvos a algunha das novelas que escribiu. Citade o título de tres delas:

~ Deixou escrito que o conto é o xénero máis amplo e libre que existe. Emilia escribiu contos de todas as temáticas: de amor, de Nadal, de tradicións, de medo, de maltrato, de violencia... Escribide un conto breve de temática libre. Entre todas e todos create un libro de contos.

~ No século XIX escribir non era doado para as mulleres que tiñan que seguir unhas normas marcadas polos homes e que non sempre foron recoñecidas nos seus méritos. Non foi até finais do século XX cando a muller comezou a recuperar o seu lugar na literatura. Hoxe en día a literatura galega recoñécelles os mesmos méritos aos homes e as mulleres. Investigade sobre algunha autora galega e presentádella ás compañeiras e compañeiros da aula. Non esquezades lerlles un anaco da súa obra!



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



**Deputación
DA CORUÑA**